

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o retraso non excede de tres meses; se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de outubro de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2015.

2.- Previa solicitude da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 29 de abril de 2016

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.

A DEPUTADA DE CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL,

Asdo.: Goretta Sanmartín Rei

Asdo.: Manuel García Sendón



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO Y CONTRATACION

Número 69/2016

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN GALEGA POLA CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL PARA FINANCIAR O XII ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA

Na Coruña a 3 de mayo de 2016

REUNIDOS

Dona Goretta Sanmartín Rei, Deputada de Cultura e Normalización Lingüística, en virtude da resolución da Presidencia num. 29081, do 23 de decembro de 2015, pola que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área.

Don Manuel García Sendón, Presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial é unha entidade privada sen ánimo de lucro constituída no ano 1994, integrada por 45 colectivos, que ten a finalidade de incidir na defensa, conservación e difusión da cultura e do patrimonio dos mares e dos ríos de Galicia, así como das súas costas e ribeiras, así como de fomentar o uso social do patrimonio marítimo e fluvial e a súa dinamización.

2.- Neste contexto, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial desenvolveu, no presente ano, o *XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, na vila de Cabo de Cruz. Esta xuntanza é unha actividade que esta entidade ven celebrando dende o ano 1993, e que xa é considerada como a gran festa do patrimonio marítimo e fluvial.

3.- A Deputación da Coruña consciente do interese que para a vila de Cabo de Cruz, o concello de Boiro e a súa área de influencia, ten a celebración deste tipo de actividades cara á dinamización da zona na que este tipo de encontros teñen lugar, tanto pola súa raigame, como polas propias características da celebración á que concorren asociacións afíns tanto de Galicia, como doutras comunidades autónomas e doutros países, está interesada en colaborar no financiamento da actividade proposta, polo que ambas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (NIF: G36231561) para financiar o *XII Encontro de embarcacións tradicionais de Galicia*, que tivo lugar en Cabo de Cruz- Boiro do 9 ao 12 de xullo pasado, e cuxo contido foi o seguinte :

- * Actividades participativas de integración previas ao Encontro
- * Actividades marítimas
- * Actividades en terra (actuacións musicais, obradoiros expositivos e demostrativos, exposicións, xogos populares, iniciación ao nautismo, rutas culturais, cine, recitais de poesía, teatro).
- * Xornadas técnicas.
- * Voluntariado

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

As actividades programadas foron desenvolvidas pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial dacordo co seguinte orzamento:

Gastos directos:

* Loxística en terra (carpas, equipos electrónxenos, megafonía, escenarios, son e produción)	23.500,00.-
* Loxística no mar (amarres, fondeos, balizamentos, gasoil)	2.000,00.-
* Seguros do evento e vixilancia recinto	2.000,00.-
* Comunicación e publicidade nos medios	3.500,00.-
* Artes gráficas e imprenta (serigrafías, lonas, cartelería, programación, gallardetes)	12.000,00.-
* Vídeos e spots promocional evento	2.000,00.-
* Hospedaxes delegacións	1.500,00.-
* Gastos de promoción exterior do encontro	1.100,00.-
* Actividades culturais (exposicións, conferencias, obradoiros, xornadas, música)	10.248,09.-
* Gastos de persoal ao servizo do evento	4.059,75.-

Total gastos directos 61.907,84.-

Gastos indirectos:

* Teléfono	548,90.-
* Identidade corporativa, elaboración e impresión	2.500,00.-
* Páxina web	190,94.-
* Asesoría	272,25.-
* Material oficina	300,00.-
Total gastos indirectos	3.812,09.-

Total orzamento **65.719,93 €**

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 25.000 €, o que representa unha porcentaxe do 38,04%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 38,04% da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministrados necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 €, con carácter previo á contratación, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberá constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, suscrita pola representante legal da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2015.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2015, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de xullo de 2016.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a F Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto desta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.